

DULCE M<sup>a</sup> GARCÍA MELLA, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno na sesión ordinaria celebrada o día 20 de decembro de 2019 aprobou o Regulamento de TFM do Máster en Enxeñaría de Procesado de Alimentos, nos termos do documento adxunto.

E para que así conste, asino a presente certificación en Santiago de Compostela, co V<sup>o</sup> e Prace do sr. reitor.

V<sup>o</sup> e prace

O reitor

Antonio López Díaz

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

## NORMATIVA DE TRABALLOS FIN DE MASTER do MÁSTER en ENXEÑARÍA de PROCESADO de ALIMENTOS

(Aprobada pola Xunta de Facultade o 26 de novembro de 2019)

Co obxecto de regulamentar o Traballo Fin de Máster (TFM) establecido na Memoria de Verificación do título de Máster en Enxeñaría de Procesado de Alimentos (MEPA), de acordo co “Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos Traballos Fin de Grao e Fin de Máster na Universidade de Santiago de Compostela” aprobado polo Consello de Goberno o 10 de marzo de 2016, e segundo o establecido no RD 1393/2007 de 29 de outubro (B.O.E. 30/10/2007), a Xunta de Centro da Facultade de Ciencias de Lugo, na súa reunión celebrada o 26 de novembro de 2019 aprobou a presente normativa pola que se rexerá o desenvolvemento desta materia.

### Artigo 1.- Obxecto e ámbito de aplicación

1.1.- Esta normativa ten por obxecto a regulación do TFM do Máster en Enxeñaría de Procesado de Alimentos ao abeiro do Real Decreto 1393/2007, e contén as directrices relativas á definición, realización, defensa, cualificación e tramitación administrativa do TFM que se establece no plan de estudos do mesmo.

### Artigo 2.- Natureza do traballo fin de máster

2.1.- De acordo co “Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos Traballos Fin de Grao e Fin de Máster na Universidade de Santiago de Compostela” aprobada polo Consello de Goberno de 10 de marzo de 2016, os traballos de fin de máster “...consistirán na elaboración, por parte do estudante, dun proxecto, traballo, memoria ou estudo orixinal no que se integren e desenvolvan os coñecementos, capacidades, competencias e habilidades adquiridos durante os estudos realizados nas titulacións de máster...”, e “...Incluirá, como mínimo, tarefas de busca e revisión bibliográfica, lectura e integración de información, elaboración de información relevante, redacción e presentación e defensa do traballo.”

2.2.- Segundo se indica na memoria verificada do título, o TFM consiste na realización, presentación e defensa ante un tribunal universitario, unha vez obtidos todos os créditos especificados no plan de estudos, dun exercicio orixinal realizado individualmente, consistente nun proxecto en calquera dos ámbitos relacionados co Procesado de Alimentos no que se sinteticen e integren as competencias adquiridas nas ensinanzas do Máster.

2.3.- O traballo Fin de Máster será orixinal, individual e incluirá como mínimo, tarefas de busca e revisión bibliográfica, lectura e integración de información e elaboración de información relevante, redacción, presentación e defensa. Poderá ser dun dos seguintes tipos:

- a) Traballo de Investigación.
- b) Revisión Bibliográfica de Investigación.
- c) Proxecto ou Estudio Técnico

2.4. Os TFM desenvolveranse baixo a supervisión dun ou máis titores académicos. O persoal docente da Universidade de Santiago de Compostela que sexa nomeado titor de TFM ten a obriga de asumir esta actividade de tutoría conforme ao que se estableza na normativa propia dos centros ao respecto, e na xeral da USC.

### Artigo 3.- Órgano do centro encargado da xestión dos TFM.

3.1.- A Comisión Académica do título de Máster en Enxeñaría de Procesado de Alimentos terá as competencias sobre a coordinación e xestión relativas a esta materia do mesmo xeito que as demais materias do título. Entre estas competencias estarán as seguintes:

- Propoñer anualmente a guía docente na que se determinen as diferentes formas de desenvolvemento, exposición e criterios de avaliación para o curso académico de que se trate, establecendo, se non está recollido na normativa propia, a porcentaxe da cualificación asignada ao desenvolvemento da memoria, exposición do traballo, resposta a preguntas e outras características de avaliación fundamentais da titulación.
- Establecer o sistema de avaliación das actividades formativas do TFM.
- Establecer a convocatoria anual de traballos nas 2 oportunidades.
- Determinar os sistemas de tutoría.
- Aprobar a proposta das liñas temáticas e temas, previa consulta aos departamentos con docencia no título.
- Establecer e publicar un procedemento para a asignación dos titores/as e os temas que poderán desenvolverse na elaboración dos traballos.
- Decidir sobre a modificación de temas e/ou titor/a asignado derivada de situacións excepcionais, previa consulta ao/s departamento/s afectado/s.
- Fixar as características dos traballos (extensión, formato, contido mínimo,...) sempre que non estean fixadas pola presente normativa.
- Aprobar os tribunais de avaliación e fixar o sistema de rotación, de ser o caso, de acordo coa presente normativa de TFM.
- Autorizar a presentación dos traballos en casos excepcionais.
- Propor os prazos de entrega dos traballos e informes de seguimento e as datas de defensa dos traballos de acordo co calendario académico.
- Solucionar as incidencias graves relativas a esta materia.
- Calquera outra que a Xunta de Centro lle encomende.

**3.2.-** A Xunta de Centro aprobará a guía docente e os períodos de entrega e defensa dos TFM, que se publicarán xunto coa convocatoria oficial de exames de cada curso académico.

#### **Artigo 4.- Matrícula e Convocatorias**

**4.1.-** A matrícula do TFM realizarase dentro do prazo xeral de matrícula ordinaria que estableza a Universidade, mediante o abono dos prezos públicos que correspondan conforme aos créditos que teña asignados e conxuntamente coas materias que o alumnado teña pendente de superar para completar os estudos de máster.

**4.2.-** Os/as alumnos/as de intercambio poderán matricularse desta materia. O seu réxime será o establecido no *Regulamento de Intercambios da USC*.

**4.3.-** A matrícula dará dereito á entrega e defensa do traballo en dúas oportunidades no curso no que estea matriculado e reportará os prezos públicos establecidos, sempre que cumpra os requisitos para a súa avaliación.

**4.4.-** Os TFM entregados só poderán ser defendidos e avaliados unha vez que se teña constancia de que o/a estudante superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de máster, salvo os correspondentes aos propios traballos.

O centro deberá verificar que se cumpren estes requisitos para autorizar a súa defensa. Para estes efectos, no caso de que na data de defensa aínda non se recepcionaran todas as actas de avaliación das materias, o/a secretario/a do centro responsable da titulación solicitará do profesorado encargado das materias que informe sobre as cualificacións do alumnado que vaia defender os traballos na mesma convocatoria.

**4.5.-** A Comisión Académica do MEPA, atendendo a criterios organizativos e de programación docente, concretarán as datas para a celebración das defensas dos traballos nos intervalos temporais que determine o calendario académico. Do mesmo xeito, a Comisión Académica deberá definir os instrumentos de seguimento e criterios xerais de avaliación.

Os traballos deberán entregarse nos períodos fixados polo calendario académico anual.

**4.6.-** O número máximo de convocatorias que poderá consumir o alumnado será de dúas e poderá contar con dúas oportunidades por curso académico. A obtención de *Non presentado*

nalgunha das oportunidades ou en todas computarase para os efectos de consumir a convocatoria.

Para poder presentarse a unha nova convocatoria será necesaria a formalización de nova matrícula.

**4.7.-** Unha vez formalizada a matrícula, non procederá a devolución dos prezos aboados no caso de non presentarse. No suposto de que o/a alumno/a non reúna os requisitos para presentar o traballo por ter materias pendentes, considerarase unha renuncia automática polo que non se computará para os efectos de consumir convocatoria.

#### **Artigo 5.- Do titor/a docente e da súa asignación e da elección do tema do TFM.**

**5.1.-** O TFM deberá ter un/unha titor/a que asista aos estudantes na realización do traballo. Por razóns xustificadas e se a Comisión o estima oportuno, poderá designarse outro/a titor/a, un/ha cotitor/a, ou excepcionalmente dous cotitores.

**5.2.-** Os departamentos con docencia na titulación comunicarán cada curso académico ao centro o listado de titores e temas dos traballos.

**5.3.-** O titor ou titora será ordinariamente Personal Docente e Investigador (PDI) das áreas que impartan docencia na propia titulación.

Excepcionalmente tamén poderán ser cotitores profesores da USC que se atopen na situación de servizos especiais, comisión de servizos, eméritos ou ad honorem e profesores doutras universidades ou persoal con vinculación permanente a Organismos Públicos de Investigación (OPI) e profesionais especializados. Non poderán ser cotitores persoal de administración e servizos, agás nos supostos de consideración como profesionais, nin o persoal contratado con cargo ao capítulo VI, agás os que posúan titulación de máster ou teñan unha titulación que se corresponda co nivel 3 (máster) do MECES. No caso de cotitorías de persoal alleo á USC (área externa), con carácter previo a realizar a cotitoría, deberá comunicarse a dita circunstancia á vicerreitoría con competencias na materia a través do servizo correspondente indicando a súa dedicación.

**5.4.-** Os traballos poderán desenvolverse no marco de convenios con empresas ou institucións. Nestes casos a matrícula realizarase na USC pero poderá designarse un cotitor que poderá ser persoal do centro ou institución no que se desenvolva o traballo. En todo caso, a defensa e avaliación dos traballos deberá realizarse na USC de acordo co establecido na presente normativa.

**5.5.-** A asignación dos titores aos estudantes farase en tempo e forma segundo determine a Comisión Académica do Máster, dependendo do período en que se matricule o estudante e a convocatoria á que se vaia presentar.

**5.6.-** O/a titor/a programará sesións de traballo cos estudantes, nas que establecerá a programación das tarefas a realizar e orientará o traballo. Será responsable de expor a cada estudante as características do traballo, de orientalo no seu desenvolvemento e de velar polo cumprimento dos obxectivos fixados, así como de realizar o seguimento e emitir informe preceptivo e confidencial (**Anexo II**) sobre este seguimento antes da defensa do traballo e para os efectos de que se teña en conta para a avaliación establecida na presente normativa, no cal se indicará de xeito explícito o resultado da comprobación da orixinalidade do mesmo, polas ferramentas que a USC poña á súa disposición ou outras que estean ao seu alcance.

**5.7.-** O recoñecemento dos labores de titoría e avaliación de TFM farase nos termos previstos anualmente na *Normativa de Programación Académica Anual*.

#### **Artigo 6.- Avaliación**

**6.1.-** A avaliación dos traballos farase na Facultade de Ciencias, a través da súa exposición e defensa pública diante dun tribunal.

Os membros dos tribunais serán PDI da titulación. Os tribunais de avaliación serán nomeados pola Comisión Académica do Máster en cada oportunidade, unha vez rematado o prazo de presentación dos TFM, e configuraranse, atendendo ao número de alumnos e alumnas matriculados/as e á temática dos diferentes Traballos.

**6.2.-** Cada Tribunal estará formado por tres membros e, polo menos, un suplente que substituirá ao membro ausente. A participación nos mesmos é obrigatoria para as persoas nomeadas, agás causa de forza maior debidamente acreditada.

**6.3.-** En cada Tribunal haberá un/unha presidente/a, un/unha secretario/a e un/ha vogal. Utilizarase o criterio de categoría docente e antigüidade para nomear o Presidente/a que será o de maior categoría e máis antigo; e Secretario/a, será o de menor categoría e máis novo. O/a Presidente/a e Secretario/a exercerán como tales en todas as actuacións.

Procurarase que a participación do PDI nos Tribunais sexa rotatoria, establecendo a Comisión Académica do MEPA o sistema de rotación. Poderá constituírse un Tribunal Único para a avaliación dos TFM da mesma convocatoria.

**6.4.-** O Tribunal poderá invitar ás deliberacións ao titor/a do traballo e ao cotitor/a, así como a profesores/as especializados/as na temática do traballo que se estea a avaliar, en calidade de asesores, con voz pero sen voto.

**6.5.-** A cualificación farase pública no taboleiro reservado para o MEPA na Facultade de Ciencias, nun prazo non superior a sete días dende a súa defensa.

#### **Artigo 7.- Modalidades de defensa do Traballo Fin de Máster**

**7.1.-** A avaliación do TFM requirirá sempre de presentación e defensa pública ante tribunal por parte do estudante.

**7.2.-** A defensa dos TFM levarase a cabo de xeito individual, mediante exposición oral e defensa pública diante de Tribunal. O tempo máximo do que o estudante disporá para a súa exposición será de 15 minutos e a continuación terá lugar a defensa no tempo que o Tribunal estime oportuno.

#### **Artigo 8.- Entrega e defensa dos Traballos Fin de Máster**

**8.1.-** A entrega dos TFM e solicitude de defensa levarase a cabo a través da Secretaría Virtual do alumnado, nas datas que determine a Comisión do MEPA para cada convocatoria, nos intervalos temporais que indique o calendario académico e que serán publicadas na Web do Centro.

**8.2.-** O alumnado deberá indicar na solicitude de defensa do TFM os datos requiridos na súa Secretaría Virtual:

- Título que deberá coincidir co da proposta aprobada pola Comisión do MEPA, resumo (200-300 palabras), palabras clave (mínimo 5), ..., poñendo atención á redacción e corrección ortográfica en todos os idiomas solicitados, por ser a base para a elaboración de importantes documentos para o alumnado (actas, suplemento europeo ao título, ...).
- Incorporar un arquivo co exemplar completo do TFM en pdf o cal deberá conter un índice xeral, co formato de portada que se detalla no **Anexo I**.
- Indicar se autoriza a publicación do seu traballo e confirmar a orixinalidade do mesmo, a cal poderá ser comprobada mediante calquera procedemento.

**8.3.-** A defensa do TFM requirirá o informe previo e preceptivo do/a titor/a (**Anexo II**), no cal se indicará de xeito explícito o resultado da comprobación da orixinalidade do mesmo, polas ferramentas que a USC poña á súa disposición ou outras que estean ao seu alcance.

**8.4.-** A defensa do traballo será realizada polo/a estudante de xeito presencial. Non obstante o anterior, para casos excepcionais debidamente autorizados pola Comisión Académica do

Máster, poderá realizarse a defensa por medios telemáticos, coas garantías que se determinen na autorización.

**8.5.-** Unha vez nomeados os Tribunais por parte da Comisión Académica do Máster, o/a presidente/a de cada Tribunal fará pública, coa suficiente antelación, a convocatoria da sesión (**Anexo III**) na que se indicará hora, lugar, e orde de actuación para a exposición e defensa dos TFM.

**8.6.-** O alumnado que, unha vez feita a entrega do traballo e verificadas as condicións para a súa defensa, non se presente á defensa do TFM na data asignada, terá a cualificación de suspenso nesa oportunidade.

**8.7.-** A elaboración e defensa do traballo poderanse efectuar en calquera das linguas que se utilizaron na impartición do máster conforme ao disposto na memoria de verificación do título, sempre que se poidan establecer tribunais competentes nas devanditas linguas. En todo caso, garantirase o dereito a elaborar e defender os traballos en calquera das dúas linguas oficiais da Comunidade Autónoma.

### Artigo 9.- Avaliación, cualificación e revisión

**9.1.-** A cualificación dos TFM realizarase conforme os criterios establecidos na guía docente da materia, que estarán vinculados á consecución das competencias da titulación e das competencias transversais.

**9.2.-** No prazo de entrega dos TFM, os/as titores/as deberá/n anexar a través da Secretaría Virtual o seu informe preceptivo segundo o impreso correspondente (**Anexo II**) e tendo en conta os aspectos indicados no mesmo. Este informe, dispoñible para a súa consulta na aplicación correspondente, será tido en conta polo tribunal de acordo cos baremos que figuren na guía docente da materia e na Rúbrica de Avaliación aprobadas pola Comisión do título.

**9.3.-** O Tribunal deliberará sobre a cualificación que lle corresponde a cada TFM conforme aos criterios de avaliación publicados na guía docente e ao disposto na memoria de verificación do título, outorgando a cualificación conforme á seguinte escala numérica, de 0 a 10, con expresión dun decimal, á que se engadirá a súa correspondente cualificación cualitativa:

- Non Presentado (NP)
- 0 - 4,9: Suspenso (SS).
- 5,0 - 6,9: Aprobado (AP).
- 7,0 - 8,9: Notable (NT).
- 9,0 - 10: Sobresaliente (SB)

A mención de "Matrícula de Honra" poderá ser outorgada a estudantes que obteñan unha cualificación igual ou superior a 9,0. O seu número non poderá exceder do 5% do alumnado matriculado nesa materia no correspondente curso académico. Se o número de alumnos é inferior a 20, poderase outorgar unha matrícula de honra. Esta mención só poderá outorgarse unha vez rematadas as defensas de todos os traballos correspondentes ao curso académico. No caso de que se constituía un tribunal único en todas as convocatorias, será este o que outorgue as matrículas de honra que correspondan. Noutro caso, a atribución desta cualificación corresponderá realizala á Comisión Académica do Máster, oídas as propostas dos diferentes tribunais actuantes.

**9.4.-** Despois da defensa dos TFM o tribunal emitirá a súa cualificación segundo o impreso correspondente (**Anexo IV**) e tendo en conta os aspectos e baremos indicados na guía docente do TFM e a súa Rúbrica de Avaliación aprobada pola Comisión Académica do Título.

**9.5.-** O alumnado ten dereito á revisión das cualificacións nas datas e horarios que para tal efecto deberán fixarse no momento de facer públicos os resultados provisionais. As datas de revisión deberán estar comprendidas dentro dos dez días seguintes á publicación dos resultados e contemplarán como mínimo dúas datas opcionais. A estes efectos o mes de agosto será inhábil e non computará neste prazo.

A revisión será persoal e poderá realizala un ou varios membros do Tribunal. En todo caso deberá quedar constancia da celebración da revisión e da data en que se realizou mediante calquera sistema que acredite a súa realización.

O procedemento de reclamación contra a cualificación será o establecido na normativa vixente relativa a avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións.

#### **Artigo 10.- Xestión das actas.**

**10.1.-** Elaborarase unha acta individual por cada alumno/a e traballo e para cada oportunidade na que constarán o/s titor/es académicos, o tribunal e o título do traballo defendido, así como a súa cualificación e data de defensa. As actas estarán asinadas polos membros do tribunal. En caso de imposibilidade de asinar a acta por algún dos membros avaliadores, esta circunstancia porase en coñecemento da Secretaría Xeral, que procederá a autorizar a sinatura da acta polo/a coordinador/a dos TFM. No caso de imposibilidade destes, substituiranse polo/a profesor/a que designe a Secretaría Xeral. En todos os casos farase constar a dita incidencia. No caso de que algún dos avaliadores sexa persoal alleo á USC, as actas deberán ser asinadas polo/a coordinador/a do TFM.

**10.2.-** Os períodos de cobertura de actas serán os que se fixen no calendario académico oficial. Só nas titulacións interuniversitarias ou conxuntas e no caso dos Programas Erasmus Mundus, poderán establecerse períodos diferentes de avaliación, en función dos acordos entre universidades ou do establecido nos correspondentes plans de estudos. Nestes casos deberase solicitar anualmente a correspondente autorización para a apertura das actas á Secretaría Xeral.

**10.3.-** Finalizado o período de defensa de TFM en cada curso académico xerarase de xeito automático unha acta consolidada (acta final) para a materia Traballo Fin de Máster, que conterá a todo o alumnado matriculado na materia de TFM coas cualificacións que en cada caso lles corresponda polas actas individuais, non presentados, mencións e as cualificacións obtidas polos alumnos de intercambio. Estas actas serán asinadas polo/a coordinador/a do TFM.

**10.4.-** O alumnado matriculado que non se presentase en ningunha das oportunidades, figurará na acta consolidada coa mención “non presentado”. Nesta edición da acta tamén se incorporarán as mencións de “matrícula de honra” conforme o establecido no artigo anterior.

#### **Artigo 11.- Dereitos do alumnado**

**11.1.-** A propiedade intelectual dos TFM correspóndelle ao alumno/a que o realizou.

**11.2.-** No caso de realizarse os traballos no marco dun contrato ou convenio con algunha entidade ou de ser o caso, dun proxecto ou liña de investigación, os dereitos serán os recollidos no dito contrato ou convenio ou os que se pacten previamente, respectando en todo caso a lexislación vixente en materia de propiedade intelectual ou industrial.

Nestes casos e sempre que existan cláusulas de confidencialidade con empresas ou no caso de que poidan dar lugar a dereitos de propiedade industrial e intelectual que non se poidan difundir antes de estaren debidamente protexidos, actuarase do seguinte modo: entregaranse dúas versións da memoria de TFM: a reducida, na que se eliminarán os contidos afectados polo deber de non difundir ou polo deber de segredo ou confidencialidade; e o exemplar completo, que se entregará baixo compromiso de confidencialidade.

O exemplar reducido será o que se utilice para ser autorizada a súa defensa e deberá coincidir co contido da exposición e defensa pública. A versión completa entregarase aos membros do tribunal para a súa avaliación. O/a titor/a e os membros do tribunal deberán asinar o correspondente compromiso de confidencialidade sobre os contidos que non se poderán difundir publicamente. Se o tribunal desexa formular cuestións sobre os contidos protexidos, estas intervencións faranse nunha sesión privada, con carácter previo ou posterior á pública.

O exemplar do traballo non será obxecto de publicación no repositorio institucional da USC (Minerva) ata que sexan realizadas as oportunas proteccións ou venza o prazo de confidencialidade.

**11.3.-** Unha copia en formato electrónico dos traballos superados quedará depositada no centro para o seu arquivo e consulta, e poderá ser utilizada na Universidade de Santiago de Compostela para usos académicos e de investigación, sempre coa mención específica aos seus autores. Para estes efectos o alumnado asinará a correspondente autorización de difusión e a declaración de que se trata dun traballo inédito .

**11.4.-** A comisión con competencias en TFM poderá propoñer a publicación dos TFM que destaquen pola súa calidade no repositorio institucional da USC (Minerva), e en especial propoñeranse os dos/as alumnos/as que acaden a mención de matrícula de honra nesta materia. Os/as autores/as dos traballos propostos, co visto e prace do/a titor/a, deberán asinar o correspondente documento para autorizar a súa difusión no que declaren que se trata dun traballo orixinal.

## **Artigo 12.- Deberes do alumnado**

**12.1.-** Os TFM deben ser traballos orixinais de elaboración propia e deben citarse debidamente as fontes que se tiveron en conta para a súa realización.

**12.2.-** O incumprimento do indicado no apartado anterior suporá a cualificación de “suspenso” na convocatoria e o deber do/a titor/a e do tribunal que o detecte de poñelo en coñecemento da Reitoría a efectos de iniciar as accións disciplinarias que procedan, de conformidade co artigo 16 da *Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións*.

**12.3.-** Con carácter previo á autorización da defensa, poderá realizarse unha análise automatizada de control da vulneración de dereitos de propiedade intelectual. A partir desa análise, se a comisión con competencias en TFM considera que se vulneraron os citados dereitos, poderá denegar a defensa do traballo e aplicarase o indicado no parágrafo anterior.

## **DISPOSICIÓN FINAL. ENTRADA EN VIGOR**

Esta normativa entrará en vigor no curso 2019-20 logo da súa publicación no taboleiro electrónico da USC, trala súa aprobación polo Consello de Goberno. O contido desta normativa complétase co resto de regulamentacións e procedementos da USC que se atopen en vigor, entre outras, a Normativa sobre Permanencia nas titulacións de Grao e Máster, a Normativa de Avaliación do Rendemento Académico dos Estudantes e de Revisión de Cualificacións, o Regulamento da USC dos Intercambios Interuniversitarios de Estudantes, e as Normas de Planificación Académica Anual.



(ANEXO I)



**FACULTADE DE CIENCIAS**

**MÁSTER en ENXEÑARÍA de  
PROCESADO de ALIMENTOS**

**D/D.<sup>a</sup>. Nome Apelido Apelido**

**TÍTULO COMPLETO DO TRABALLO  
FIN DE MÁSTER**

**Traballo Fin de Máster**  
*Mes Ano*

(ANEXO II)

**TRABALLO FIN DE MÁSTER**  
**MÁSTER en ENXEÑARÍA de PROCESADO de ALIMENTOS**

**INFORME DOS/AS TITORES/AS – COTITORES/AS**

NOME DO/A ALUMNO/A: .....

TÍTULO DO TFM: .....

**TITOR/A:**

NOME: .....

DEPARTAMENTO: .....

**COTITOR/A:** (cubrir segundo o que proceda)

NOME: .....

DEPARTAMENTO: .....

TITULACIÓN:

CARGO:

EMPRESA:

<b>Grao de satisfacción coas competencias transversais, destrezas e habilidades</b>									
<i>Non procede: 0</i>	<i>Moi Baixo: 1</i>	<i>Moi alto: 5</i>	<b>0</b>	<b>1</b>	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>4</b>	<b>5</b>	
Iniciativa e autonomía para realizar o Traballo									
Capacidade de organización e planificación									
Capacidade de análise e síntese									
Capacidade para xestionar información									
Capacidade para interpretar resultados experimentais									
Capacidade para extraer conclusións									
Capacidade xeral para redactar o Traballo									
Outras: ( <i>citar</i> )									

**Breve informe sobre o resultado da comprobación da orixinalidade do TFM:**

Lugo, a ..... de ..... de 20...

Asdo.: Titor/a

Asdo.: Cotitor/a (se procede)

(ANEXO III)

**TRABALLO FIN DE MÁSTER**  
**MÁSTER en ENXEÑARÍA de PROCESADO de ALIMENTOS**

*Convocatoria pública da sesión de defensa de TFM*

**TRIBUNAL Nº.... / TRIBUNAL ÚNICO**

Convócase o alumnado abaixo sinalado e na orde de intervención que se indica para o día .../.../..., ás .....:..... horas, na (**AULA Nº .... / Salón de Actos/Salón de Grados**) da Facultade de Ciencias, para a defensa dos Traballos Fin de Máster correspondente a ...ª oportunidade do Curso **20...-20.....**

Nº	ALUMNO/A	TÍTULO TFM

Para a exposición do TFM os/as alumnos/as disporán dun tempo máximo de 15 minutos. A continuación terá lugar a defensa no tempo que o tribunal estime oportuno

Lugo, .... de ..... de 20.....

*O/A PRESIDENTE/A DO TRIBUNAL*

Asdo.: .....

(ANEXO IV)

**TRABALLO FIN DE MÁSTER**  
**MÁSTER en ENXEÑARÍA de PROCESADO de ALIMENTOS**

(IMPRESO DE CUALIFICACIÓN PARA OS MEMBROS DO TRIBUNAL)

**CUALIFICACIÓN DO TRIBUNAL (Máx. 10,0 puntos)**

NOME DO/A ALUMNO/A: .....

TÍTULO DO TFM: .....

**Presidente/a:** .....

**Secretario/a:** .....

**Vocal:** .....

ASPECTO	Cualificación
Calidade da documentación presentada como TFM	
Calidade da exposición do TFM	
Defensa do TFM	
Outros aspectos do TFM	
<b>Valoración total</b>	

Idioma da memoria escrita: .....

Idioma da presentación e defensa: .....

Lugo, a ..... de ..... de 20...

Asdo.: Presidente/a

Asdo.: Vocal

Asdo.: Secretario/a

## Sinaturas dixitais / Firmas digitais / Digital signatures

**Asinante/Firmante/Signer:** ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 30/12/2019 13:40:37.

**Asinante/Firmante/Signer:** DULCE MARIA GARCIA MELLA, SECRETARIA XERAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 30/12/2019 11:37:45.

**CSV:** 1624-9BD3-49B0-B6BE